



DATOS IDENTIFICATIVOS

Terminoloxía e neoloxía do galego

Materia	Terminoloxía e neoloxía do galego			
Código	V01G160V01803			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María Taboada Lorenzo, Verónica			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxecto o coñecemento das principais achegas teóricas sobre terminoloxía e neoloxía e as súas metodoloxías de traballo. Tamén se coñecerá a situación dos estudos sobre estes campos de estudo en Galicia.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Fundamentar con coñecementos teóricos os principais conceptos da terminoloxía e a neoloxía.	A3 A8 A13	B3
Capacitar o alumnado para que saiba elaborar un traballo terminográfico, aplicando as metodoloxías adecuadas.	A4	B3
Capacitar o alumnado para que saiba manexar as ferramentas informáticas para o traballo en terminoloxía e neoloxía.	A13	B3
Capacitar o alumnado para que saiba analizar criticamente as obras lexicográficas galegas que inclúan léxico especializado ou neolóxico.	A9	B4

Contidos

Tema

1. Recursos informáticos para a obtención de datos terminolóxicos e neolóxicos e a súa análise.	1.1. Corpus xerais e especializados. 1.2. Dicionarios xerais e especializados. 1.2.1. O traballo terminográfico en Galicia. 1.3. Recursos para a elaboración de obras terminolóxicas especializadas.
2. Teorías da terminoloxía	2.1. A delimitación do campo de estudo. 2.2. Teorías 2.2.1. A teoría xeral da terminoloxía e as súas modificacións. 2.2.2. Socioterminoloxía. 2.2.3 Teoría comunicativa.
3. Textos de especialidade e termos.	3.1. Os textos de especialidade. 3.1.1. Características. 3.1.2. A noción de especialidade. 3.2. Os termos. 3.2.1. A denominación. 3.2.1.1. Procedementos para a creación de termos. 3.2.2. O concepto. 3.2.2.1. A definición en terminoloxía. 3.2.2.2. Relacións conceptuais. 3.2.2.3.. Particularidades denominativas e conceptuais da terminoloxía galega.
4. Metodoloxías	4.1. Metodoloxía do traballo sistemático para a elaboración de obras terminográficas. 4.2. Metodoloxía do traballo específico.
5. Neoloxía.	5.1. Concepto de neoloxismo. 5.2. Tipoloxías. 5.3. Os traballos sobre neoloxía en Galicia.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	13	0	13
Traballos tutelados	13	60	73
Sesión maxistral	26	8	34
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	O/a estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Traballos tutelados	O/a estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre algún tema da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto desenvolvido polo/a estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O alumnado ten o dereito a asistir ás titorías marcadas oficialmente. Tamén poderá facer as consultas que desexe a través da plataforma de teledocencia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	A entrega de dous traballos de aula valorarase cun 10% da nota.	10
Traballos tutelados	Cada alumno ou alumna terá que entregar dous traballos: 1. Un glosario especializado elaborado a partir dun corpus. 30%. 2. Un traballo sobre neoloxía, referido a problemas denominativos e conceptuais. 30%.	60
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame, ó final do cuadrimestre, sobre o temario non avaliado nos traballos.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª edición das actasO alumnado, ó comezo do cuadrimestre, poderá escoller entre un sistema de avaliación continua ou avaliación única.

a) Avaliación continua.As probas avaliadas son as que figuran arriba. Para aprobar hai que obter un mínimo dun 5 entre os dous traballos (farase media a partir dun 4 en cada un deles) e un 5 no exame do final dos cuadrimestre (nota mínima para facer media cos traballos 4 puntos). Non se poderá renunciar á avaliación continua, unha vez escollida, e pasar voluntariamente ó sistema de avaliación única agás por causas xustificadas. Para poder seguir a avaliación continua hai que asistir a un mínimo do 60% das clases e entregar os traballos tutelados e de aula nas datas fixadas. Quen non poida cumprir coa condición da asistencia ás aulas deberá comunicarllo ó profesor. Se non se cumpren as condicións de avaliación continua (entrega de traballos, asistencia ás aulas) pasarase automaticamente ó sistema de avaliación única.

b) Avaliación única.Consistirá nun exame sobre todo o temario cun valor do 70% da nota e un traballo sobre un glosario especializado cun valor do 30%. Para facer media entre exame e traballo hai que obter un mínimo de 4 puntos en cada unha das dúas probas.

O exame da materia, tanto o que corresponda á avaliación única coma á avaliación continua, farase no período de traballo autónomo de maio de 2015.

2ª edición das actasConsistirá nun exame sobre todo o temario cun valor do 70% da nota e un traballo sobre un glosario cun valor do 30%. Para facer media entre exame e traballo hai que obter un mínimo de 4 puntos en cada unha das dúas probas.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Complementarase na aula.

ARNTZ, R. e PICHT, H. 1995 *Introducción a la terminología*. Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez. Capítulo II.

CABRÉ, María Teresa. 1993. *La Terminología. Teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Editorial Antártida.

CARBALLERÍA ANLLO, Xosé María et alii. (2009). *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

CIAPUSCIO, Guiomar. 1993. □Reformulation textual: El caso de las noticias de divulgación científica. *Revista Argentina de Lingüística* 9 / 1-2. pp. 69-117.

CIAPUSCIO, Guiomar. .2000. □La terminología en la descripción y tipificación del discurso especializado" VII Simposio de Riterm. (2000) <http://www.riterm.net/actes/7simposio/ciapuscio.htm>

DAVIÑA FACAL, Luís. 1996. *Léxico científico*. Santiago: Xunta de Galicia.

GARRIDO, Carlos e Carlos RIERA. 2011. *Manual de galego científico*. 2a ed. Através editora.

GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María. e RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre. 2003. □Neoloxismos na prensa galega□ en *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*. Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade.

GUTIÉRREZ RODILLA, Bertha. 2005. *El lenguaje de las ciencias*, Madrid: Gredos (Capítulos 3 e 4).

KUGUEL, Inés. 2000. "La caracterización de los textos de especialidad y el trabajo terminológico". VII Simposio de Riterm (2000). <http://www.riterm.net/actes/7simposio/kuguel.htm>

LERAT, Pierre. 1997. *Las lenguas especializadas*. Barcelona: Ariel Lingüística.

RODRÍGUEZ RIO, X. 2004. *Metodoloxía do traballo terminolóxico puntual en lingua galega*. Santiago: Consello da Cultura Galega.

REAL ACADEMIA GALEGA. 2012. *Diccionario da Real Academia Galega*. En liña. www.realacademiagalega.org

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. *Un idioma preciso*. <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uiip/index.html>

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. Buscatermos. Base de datos terminolóxica.

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia non se explican contidos instrumentais da lingua por seren suficientemente coñecidos. Calquera erro lingüístico será penalizado, ata 0.4 puntos, especialmente nos traballos que se elaboran individualmente.
